



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

I CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA FORMATO OLÍMPICO PARÍS 2024

*Pavillón Municipal de Riazor, A Coruña 10 e 11 de decembro
de 2022*

Categorías: absoluta, xuvenil e cadete

*Campionato Subvencionado pola Deputación
Provincial de A Coruña*



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



INFORMACIÓN SOBRE O CAMPIONATO

O I **Campionato Galego de Escalada Formato Olímpico París 2024** celebrarase no Pavillón Municipal de Riazor, A Coruña, en dúas xornadas, sábado 10 e domingo 11 de decembro do 2022.

A **inscrición** faise na páxina web da FGM, www.fedgalmon.gal, na sección de **Competicións** ou no club de pertenza.

Link: <https://fgm.playoffinformatica.com/InscripcioWeb.php?idLliga=47>

As categorías e cota de participación é:

- **15 €** Cadete (Sub – 16) máis Infantís de último ano (Ano de nacemento 2009)
- **15 €** Xuvenil (Sub - 18)
- **20 €** Absoluta.

Cotas que se poden pagar mediante a pasarela de pago (tarxeta de crédito) ou ingresar na seguinte conta: [ES20 2080 5104 86 3040016923](https://www.es2020.es) e *adxuntar o resgardo de ingreso coa inscrición.*

O prazo de inscrición remata o mércores día 7 de decembro de 2022 as 23,59 horas.

As inscricións estarán limitadas a un número de 110 deportistas, sumando todas as categorías.

O **regulamento** que se aplicará durante o campionato é o Regulamento de Competicións de Escalada da IFSC para as competicións combinada de Escalada de Bloque e Escalada de Dificultade do ano 2022, utilizando o sistema de puntuación de bloque e dificultade por puntos.

Publicaranse dúas clasificacións, a corresponde á Proba e a do Campionato Galego.

Cada club de escalada que presente un mínimo de cinco deportistas inscritos presentará un delegado.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Durante o desenvolvemento da competición:

- O sábado día 10 terán lugar as clasificatorias, e domingo día 11 as finais.
- Cada competidor e competidora terá que levar unha botella de agua e comida persoal que non poderá compartir. A organización non ofrecerá avituallamento algún.
- Recoméndase que cada participante compita coa equipación do seu club.
- Os menores de idade terán que competir empregando un casco homologado para escalada.





Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CONSETEMENTO INFORMADO
PARA A PARTICIPACIÓN DE MENORES NO
CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA FORMATO OLÍMPICO PARÍS 2024

Don/Doña con domicilio en
e con DNI núm. ,teléfono ,na súa condición de (pai, nai,
titor legal) de con DNI

Por medio do presente escrito, **MANIFESTAN:**

1. Que autorizo expresamente a miña filla/o a participar no Campionato Galego de Escalada Formato Olímpico París 2024 que se celebrará no rocódromo do Pavillón Municipal de Riazor o vindeiro 10 e 11 de decembro 2022.
2. Que por parte da federación se nos informou suficientemente e nunha linguaxe comprensible sobre as características da competición deportiva na que vai a participar nosa/o filla/o e sobre as condicións físicas requiridas para dita participación.
3. Que se nos informou de forma suficiente e clara sobre os riscos de participar en dita competición, sobre a titulación dos técnicos, sobre as medidas de seguridade adoptadas pola organización na realización da mesma, sobre as características, equipación e materiais necesarios, e as normas de conduta.
4. Que coñecemos e entendemos as normas reguladoras do campionato e estamos plenamente conformes coas mesmas admitindo e sometendo a nosa/o filla/o á potestade da dirección e disciplina do mesmo.
5. Que a/o participante non padece ningunha enfermidade ou lesión que lle impida participar no campionato. Non obstante, os comparecentes están na obriga de informar de forma puntualmente as persoas e entidades responsables de calquer cambio en dita situación dende a sinatura do presente documento. Se o menor padecera algún tipo de lesión, defecto físico ou calquera outra circunstancia que puidera agravarse ou perxudicar gravemente a súa saúde,



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



- ao participar nesta actividade, se pondrá en coñecemento da FGM, aceptando as decisións que ao respecto se adopten polos responsables da mesma.
6. Que a/o participante non é alérxica/o a ningún medicamento. Nin padece ningunha intolerancia alimentaria. Se o fose, se pondrá en coñecemento da FGM, para que se podan tomar as medidas necesarias ao respecto.
 7. Que foron informados e aceptan que, se o participante ten algún accidente, lesión ou un problema de saúde, a FGM dará asistencia sobre o terreo, estabilización e traslado a un centro de saúde ou hospital concertado.
 8. Que as persoas comparecentes asumen voluntariamente os riscos propios da actividade e, en consecuencia, eximen á FGM, e a seu persoal de calquera lesión ou dano que poda sufrir por ela. Tal exención non comprende as lesións ou danos que sexan consecuencia dunha culpa ou negligencia da FGM.
 9. Que en cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, autorizan á FGM á grabación total ou parcial da participación do e da deportista na proba por medio de fotografías, vídeos e calquera outro medio análogo, así como a facer uso, para súa difusión de sus actividades, de tales grabacións a través de calquera medio, especialmente a través da páxina web da FGM, de calendarios, posters, memorias, informes, libros, revistas, materiais divulgativos e demais publicacións, así como para que, no seu caso, sexan comunicados a súa empresa ou institución de procedencia. A autorización estará lóxicamente limitada por aquelas utilizacións ou aplicacións que puideran atentar ao dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección Civil ao Dereito ao Honor, a Intimidade Persoal e familiar e a Propia Imaxe. A autorización non fixa ningún límite de tempo para o uso das imaxes ou parte das mesmas, polo que a autorización se considera concedida por un prazo de tempo ilimitado.
 10. Segundo establecido na Lei Orgánica Lei Orgánica 3/2018, lle informamos que seus datos persoais obtidos mediante este documento serán empregados coa finalidade de organizar e xestionar a participación de súa filla/o ou tutelado/a na proba descrita. Igualmente, lle informamos de que en aquelas actividades deportivas especiais na que a inscrición deba indicarse información referente aos datos especialmente protexidos para adaptar as



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



condicións de participación á categoría correspondente, dita información unicamente será tratada para xestionar a súa participación en as actividades deportivas, conservándose sobre os mesmos a máis estricta confidencialidade. Así mesmo, autoriza ao mantemento dos sus datos en nosos arquivos co obxecto de poder remitirle información no sucesivo, por calquera medio incluídos os electrónicos, sobre a celebración de distintos eventos deportivos promovidos pola FGM. O consentemento anteriormente otorgado se entenderá prestado en tanto non comunique a revocación do mesmo. Poderá, en calquera momento, revocar o consentemento anteriormente otorgado, así como exercer seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos legalmente establecidos, dirixíndose ao responsable do arquivo: Rúa/ Fotógrafo Luis Ksado 17, oficina 10 – 36209 Vigo.

En

a

de 2022

Pai Nai Titor/a

